



Expte.:

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUROS E A ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA PRAIA DO CASTELO PARA A REALIZACION DO XIX FESTIVAL CASTELO ROCK

En Muros, a 28 de Novembro de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a.María Lago Lestón, Alcaldesa do Concello de Muros (P1505400J), con domicilio no Curro da Praza n^o.1 CP 15250 MUROS. Na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

E doutra parte, D^a Ángel Vázquez González, maior de idade, con DNI [REDACTED] que actúa na súa condición de presidenta en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA PRAIA DO CASTELO co CIF G-15952195 e domicilio en Rúa Real n^o10, Muros

Ambas as partes recoñécense mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente:

EXPOÑEN


Que a asociación CULTURAL RECREATIVA PRAIA DO CASTELO organiza o XIX FESTIVAL CASTELO ROCK

Que na actualidade a asociación CULTURAL RECREATIVA PRAIA DO CASTELO non dispón de fondos suficientes para sufragar os gastos derivados do evento polo que se fai necesario o auxilio económico por parte do concello de Muros ao considerar que éste evento e a súa continuidade no tempo é de gran interese para o concello e os seus habitantes.

1^o. Que a finalidade do presente Convenio é a necesidade de financiación do evento XIX FESTIVAL CASTELO ROCK por tratarse dun evento de interese xeral para a veciñanza e o desenrrolo económico de Muros. A non colaboracion económica do concello neste evento pode supoñer a imposibilidade de futuras edicións causado polas débedas contraídas neste ano

2^o. A competencia para a firma deste convenio susténtase no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

3^o. De conformidade co disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto plasmar as condicións polas cales levará a cabo a colaboración entre a ASOCIACIÓN ...e o Concello de MUROS para

SEGUNDA. Obrigas.

O Concello de MUROS comprométese a financiar o XIX FESTIVAL CASTELO ROCK coa cantidade máxima de 26.000 euros para o cumprimento dos fins do convenio.

Os compromisos económicos que se deriven da subscripción do Convenio abonaranse con cargo á aplicación orzamentaria 338 2799 do Orzamento Municipal, existindo crédito axeitado e suficiente.

CUARTA. Execución do convenio.

4.2. Xustificación das actuacións e gastos realizados.

A ASOCIACIÓN CULTURAL RECREATIVA PRAIA DO CASTELO presentará no Concello de Muros unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos compromisos acordados, con indicación das actuacións realizadas e terá a obriga de xustificar os gastos realizados en execución do convenio, mediante a presentación dunha conta xustificativa.

Os facturas que o concello de Muros afronta en cumprimento deste convenio son os seguintes:

a)

Nº. Entrada	Razón social	Concepto	Importe
F/2023/1372	PALCOS VIMIANZO SC (J70418272)	Aluguer de planchada homologación ulma brio scenic 6*6*0.90 con barandas de seguridade (...) montaxe e desmontaxe para festival Castelo rock 2023	1.001,88 €
F/2023/1442	BLACKPRO PRODUCCIONS RENTALS S.L.U. (B27345438)	Producción técnica Castelo rock 2023	12.705,00 €
F/2023/1509	ON EN MARCHA SEGURIDAD Y VIGILANCIA S.L. (B64345150)	Servizos prestados de vixiancia no festival Castelo rock do 20 ao 23 de xullo de 2023	2.801,20 €



F/2023/1511	MENKEEPER NOR- TE S.L. (B70186937)	Control de accesos festival Castelo rock 2023 Elaboración PAU festival Castelo rock 2023 Deplazamentos	9.318,21 €
-------------	---------------------------------------	--	------------

QUINTA. Extinción do convenio.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

SEXTA. Réxime xurídico e resolución de controversias.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa conforme ao disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Competerá á Xurisdición Contencioso Administrativa a resolución das cuestións litix

iosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998 de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio, por duplicado, no lugar e data arriba indicado.



Asdo María Lago Lestón

Ángel Vázquez Gonzalez

